

Suliña os elementos xeográficos dos seguintes enunciados e sitúaos no map de Europa adxunto. Investiga e engade outros cinco enunciados similares ao final:

- 1.- A cidade polaca de Gdansk está na desembocadura do río Vístula, nas costas bálticas.
- 2.- A civilización grega tivo coma un dos seus berces a illa de Creta.
- 3.- O monte Elbrus, no Cáucaso, é o teito de Europa.
- 4.- A península de Bretaña é a zona na que vive o personaxe de cómic Asterix.
- 5.- Ao pé do río Volga tivo lugar a batalla decisiva da II Guerra Mundial
- 6.- Os volcáns de Islandia son especialmente activos.
- 7.- A cidade de Viena, situada á beira do Danubio, estivo sitiada polos turcos no século XVI
- 8.- Ulises comezou a súa longa viaxe cruzando o mar Exeo.
- 9.- Os soviéticos fixeron un buraco de 12.000 metros na península de Kola
- 10.- As plataformas petrolíferas forman parte da paisaxe marina do mar do Norte
- 11.- O cartaxinés Aníbal tentou invadir Roma cun exército no que había elefantes que mesmo cruzaron os Pireneos e os Alpes.
- 12.- Napoleón naceu na illa de Córsega
- 13.- No estreito de Xibraltar situaba a mitoloxía grega ao xigante Atlas, sostendo o mundo
- 14.- O personaxe Othelo de W. Shakespeare vivía en Venecia, cidade situada na costa norte do mar Adriático.
- 15.- Unha das zonas de conflito entre Ucraína e Rusia é a península de Crimea.
- 16.-
- 17.-
- 18.-
- 19.-
- 20.-

---

Suliña os elementos xeográficos dos seguintes enunciados e sitúaos no map de Europa adxunto. Investiga e engade outros cinco enunciados similares ao final:

- 1.- A cidade polaca de Gdansk está na desembocadura do río Vístula, nas costas bálticas.
- 2.- A civilización grega tivo coma un dos seus berces a illa de Creta.
- 3.- O monte Elbrus, no Cáucaso, é o teito de Europa.
- 4.- A península de Bretaña é a zona na que vive o personaxe de cómic Asterix.
- 5.- Ao pé do río Volga tivo lugar a batalla decisiva da II Guerra Mundial
- 6.- Os volcáns de Islandia son especialmente activos.
- 7.- A cidade de Viena, situada á beira do Danubio, estivo sitiada polos turcos no século XVI
- 8.- Ulises comezou a súa longa viaxe cruzando o mar Exeo.
- 9.- Os soviéticos fixeron un buraco de 12.000 metros na península de Kola
- 10.- As plataformas petrolíferas forman parte da paisaxe marina do mar do Norte
- 11.- O cartaxinés Aníbal tentou invadir Roma cun exército no que había elefantes que mesmo cruzaron os Pireneos e os Alpes.
- 12.- Napoleón naceu na illa de Córsega
- 13.- No estreito de Xibraltar situaba a mitoloxía grega ao xigante Atlas, sostendo o mundo
- 14.- O personaxe Othelo de W. Shakespeare vivía en Venecia, cidade situada na costa norte do mar Adriático.
- 15.- Unha das zonas de conflito entre Ucraína e Rusia é a península de Crimea.
- 16.-
- 17.-
- 18.-
- 19.-
- 20.-